

**RESERVA DE PRAZA PARA ALUMNADO DE 6º QUE CURSARÁ ESTUDOS DE 1º ESO  
NO IES EDUARDO BLANCO AMOR**

Estimados pais/nais e/ou titores:

Segundo marca a **ORDE do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos e a **ORDE do 01 de febreiro de 2017**, que modifica a anterior, se desexan que o seu fillo/a realice os estudos de 1º da ESO no “IES EDUARDO BLANCO AMOR” (instituto ao que está adscrito o noso centro) e para os efectos de reserva de praza, deberán presentar do **01 ao 15 de febreiro** o impreso de solicitude.

A solicitude de admisión pode cubrirse por vía telemática na páxina web: [www.edu.xunta.es/admisionalumnado](http://www.edu.xunta.es/admisionalumnado) no apartado *Solicitudes - reserva de prazas - crear solicitude de reserva*. Feito iso poden optar por:

- Imprimir dito formulario e entregalo na secretaría do noso centro.
- Se dispoñen de **certificado dixital** ou **Chave365**, presentalo en Sede Electrónica a través da aplicación.

**Tamén poden simplemente cumprimentar manualmente o impreso e entregalo na secretaría do centro.**

Teñan en conta que segundo marca a normativa, a reserva adquirirá carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude de admisión noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

No caso de que prefiran que o seu fillo/a continúe os seus estudos noutro instituto diferente, deberán presentar do **1 ao 20 de marzo** solicitude de admisión e reserva de praza no centro que vosteden elixan.

Se desexan máis información ou algunha aclaración, non dubiden en contactar co centro.

Un atento saúdo. A dirección.